




DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A Convocatoria Proba de Concepto do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento apoia o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galegos, a través de acordos de licencias ou a creación de spinoffs

-  Facilitar a chegada ao mercado dos resultados da investigación
-  Acelerar a creación de empresas en tecnoloxías emerxentes
-  Rendibilizar económica e socialmente o investimento público en investigación

DIRIXIDA A

Organismos de investigación públicos ou privados con centro de traballo en Galicia:

- Unversidades do SUG
- Centros do CSIC en Galicia
- Fundacións de investigación sanitaria
- Centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica
- Outros organismos de investigación que teñan definida a I+D como actividade principal nos seus estatutos

REQUISITOS DOS PROXECTOS

Duración estimada do proxecto: **entre 9 e 24 meses**

Orzamento mínimo do proxecto: **100.000€**

Presentar un plan de desenvolvemento tecnolóxico e comercial para levar ao mercado os resultados de investigación que estean nun TRL4 como mínimo

QUE APORTAMOS A CADA PROXECTO?

Financiamento

- **100% de financiamento** en forma de achega patrimonial con pagamentos anticipados
- **Importe estimado:** 200.000-400.000 euros / proxecto
- **Gastos financiados:** entre outros, os estudos de mercado, prototipado e validación en contornas reais, análise de oportunidades comerciais e de negocio, etc.
- **Compatible con outras fontes de financiamento/capital**

Apoio durante toda a vida do proxecto

- **Asesoramento** para definir o plan de desenvolvemento
- **Formación** en aspectos clave para a comercialización de tecnoloxías
- **Acompañamento** a través da búsqueda de socios empresariais, investidores e clientes potenciais
- **Flexibilidade:** adaptado ás necesidades do proxecto

Organismo xestor:
Axencia Galega de Innovación
Tipo de apoio:
Achega patrimonial onerosa
Código do procedemento:
N855A

Data de publicación DOG:
Pendente
Prazo de presentación:
1 mes dende a publicación no DOG
Presentación de solicitudes:
sede.xunta.gal

Máis información:
981 541 076 / 981 957 393
servizos.gain@xunta.gal
<http://gain.xunta.gal>